

Agora é inverno e a Irene vai facer seis anos, e está aprendendo a ler.

A Irene é unha nena moi boiña, e gústalle selo; tanto que sempre pregunta "¿Estoume portando ben?" cando está na casa dos avós, que é nas fins de semana.

Irene ten o cabelo trigueiro claro, ben longo por tras e moi cortado sobre a testa (como mamá lle manda á perruqueira). Iso déixalle ver moita cara, coradiña nas fazulas, e uns ollos grandes, castaños, que llelos fan aínda máis grandes os lentes das gafas.

2

## Irene e a poli

Xavier Alcalá

Contos de Agardar







Xavier Alcalá, castelán de nacemento e ferrolán de adopción.

Como narrador ten máis de 30 libros publicados. Obras publicadas, entre outras, *A nosa cinza*, *Fábula* (Premios Cidade da Coruña e da Crítica Española) e *Alén da Desventura* (premio Blanco Amor), *Arxentina ou Viaxes ao país de Elal*. Tamén é autor de diversas publicacións técnicas e traductor de clásicos da literatura anglosaxona: entre eles *A illa do tesouro*, con numerosas reedicións.

© do texto: Xavier Alcalá

© da edición:



Subvenciona:



**Consello Editor:** Xosé Xoán Barreiro Prado  
Paz Filgueira Paz  
Luís M. García Mañá  
Xosé González Martínez  
Xoaquín Monteagudo Romero  
Benito Montero Prego  
Carme Pérez Vaquero  
Xosé M. Rodríguez—Abella  
Carlos Varela García

**Coordinación:** Xosé González Martínez  
Carme Pérez Vaquero

**Corrección de edición:** Fran Zabaleta

**Fotografía e deseño da colección:** Pío García

**Imprime:** Litonor

**Depósito legal:** C 2186—2007

**Edita:** Pío García Edicións



*A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.*

*A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.*

*A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.*

*Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.*

*Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-*

*ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.*

*Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.*

*A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.*

**Xoaquín Monteagudo Romero**

Presidente da Asociación de Funcionarios para a  
Normalización Lingüística de Galicia.





**2**

**Irene e a poli**

**Xavier Alcalá**



*Contos de Agardar*  
*Irene e a poli*

Agora é inverno e a Irene vai facer seis anos, e está aprendendo a ler.

A Irene é unha nena moi boíña, e gústalle selo; tanto que sempre pregunta “¿Estoume portando ben?” cando está na casa dos avós, que é nas fins de semana.

Irene ten o cabelo trigueiro claro, ben longo por tras e moi cortado sobre a testa (como mamá lle manda á perruqueira). Iso déixalle ver moita cara, coradiña nas fazulas, e uns ollos grandes, castaños, que llelos fan aínda máis grandes os lentes das gafas.

11

O caso é que este día a foi buscar o avó á saída do cole, para levala con el no coche, que é grande e gris, co asentiño para nenos sobre o asento de atrás. Sendo a unha da tarde, desde a rúa sentiuse un balbordo grandísimo; abriuse a porta e comezaron a saír cativos, os máis pequechos diante. Alá se precipitaban pais e avós a recollelos e o avó da Irene quedou un pouco atrás, porque ela, que é moi alta para o seu tem-

po, ben o podería ver por riba das cabezas dos compañeiros.

E viuño, cos seus ollos esaxerados baixo a fronte sen pelo. Pero non se moveu do canto da porta; e outros nenos saían e empurrábana e a profe mesmo lle preguntou quen a viña buscar. Pero ela, nada, calada; e miraba e miraba con ollos de moucho esperto; ollaba para acá e para acolá, como se andase á procura de alguén.

12 Daquela o avó, estrañado, achegouse á porta do cole, saudou a profe, colleu a Irene da man e foina levando para ao coche. Dicíalle que ían pasar polo feirón da vila a compraren xamón e chourizos, o que moito lle apetece á Ireniña porque a señora do posto sempre lle dá unha lasca de xamón á proba; pero a rapaza calaba.

Deixouse sentar na súa cadeira, e amarrar o cinto, e calaba. Saíron da cidade, o avó púxolle a música de María Elena Walsh, que tanto lle gusta (sobre todo o da vaca da Quebrada de Humahuaca) e, xa metidos na autoestrada, decatouse de que a Irene estaba a chorar, un choro tenro e longo, silencioso, con salucos de infinita pena.

*Contos de Agardar*  
*Irene e a poli*

—¡Oh!, Ireniña, ¿pero que che pasa, compañeira? —preguntoulle o avó, que a miraba polo retrovisor.

—Que o Aarón me empurrou pola escaleira e me chamou mentirona —respondeu ela entre impos.

—Vaia, ho, tanto nome bíblico para tan mal comportamento —dixo o avó e a pequena non lle viu a cara de sorna con que o dicía—. Pero ti non lle fagas caso, que pode ser medio burrangán ese rapaz, e por iso chama cousas que non debe.

Houbo un silencio, con fondo de música do Norte arxentino en versión de canción infantil. O coche seguía pola autoestrada, fulxía o mar azul en día sen vento nin nubes. O avó pasoulle á Irene un lenzo de papel para que limpase bágoas e mocos, e ela fíxoo, porque é boiña; pero non daba parado de chorar.

—E os meus amigos vanme chamar mentireira todos —rompeu o seu silencio.

—¿E logo, mulleriña? ¿Pero que mentira contaches? —xa lle entrou a sospeita ao avó.

—É que a Sandra ten unha pistola, e unha porra e un coche con luces...

—¿Como? —o avó volveu mirar polo retrovi-

sor os ollos enormes e chorosos.

—É que a Sandra é policía...

Unha luz acendeuse na cabeza do avó, e tocou un botón na cadro de mando. Unha voz saíu polo altoparlante: “Teléfono móbil”, dicía. O avó premeu o botón de novo, sentíronse uns tons agudos e axiña a voz da mamá de Irene.

—A ver, muller —dixo o avó—, que esta non me para de chorar e está a falar da Sandra...

—Ai, si, ho, que non cho dixen todo —respondeu a mamá de Irene—. Que é que a Sandra lle prometera que a ía buscar hoxe para traerma á casa, e por iso che dixera eu a ti onte que viñeses recoller a Irene aquí á casa, pero a Sandra chamou despois dicindo que tiña un servizo e...

14

Estaba claro. Non é o mesmo un avó de barba grisalla, case branca, e pelo gris, vestido de escuro e metido nun coche gris, que unha amiga de mamá, nova coma ela, con todos os atributos dos polis das pelis.

—É que o Aarón me dixo que eu dicía mentiras porque os policías só van buscar os homes malos —a picariña parecía acougar e mesmo xa seguía a his-

*Contos de Agardar*  
*Irene e a poli*

toria dos gatos e os ratos tucumanos da María Elena.

Entón soou o teléfono do coche e cortouse a música, como fai o “sen mans” (que así lle chama o avó), e escoitouse quen chamaba:

—Irene, son papá.

—Ola, papi —a nena puxo voz de tristura—. O Aarón empurroume pola escaleira e chamoume mentirotas.

—Xa sei, xa; xa mo dixo mamá. Pero non te preocupes, muller —a voz de papá soaba sobre ruídos de rúa, e un pouco falsa—. Ti tranquila, que xa falei eu coa Sandra e díxome que te vai buscar o luns, que hoxe tivo que ir deter uns delincuentes.

—¿O que? —a Irene inclinaba o corpo cara adiante porque a voz de papá saía preto do avó— ¿Os vixilantes?

—Non, uns delincuentes —repetiu papá—. Seica había un contubernio de fascistas e a Sandra e mais a compañeira de patrulla conseguiron deter o Jo-semari e o Marianín e estanos facendo cantar.

—Neno —interrompeu o avó—. A ver que carallo lle dis, que esta despois o repite.

—¡Avó! —berrou a dos ollos grandes— ¡Dixe-

ches unha palabrota, e eu son policía de palabras!

—Vaia, muller, que tes boa teima coa policía —comentou o avó; e mudou de ton, dirixíndose ao pai da Irene—: ¿Oíches? Que dixo a túa mai que a ver se vides recoller a vosa roupa de verán, dunha putísima vez.

—¡¡Avó!!

—Vale: dunha santa vez —corrixiu o avó e seguiu a falar para o papá de Irene—: Veña, despídete da cativa, que me vou meter no feirón e isto está imposible de coches.

—Ata logo, Irenucha —dixo papá—. Xa verás como te vai buscar a Sandra o luns...

16

Despedíronse. O avó dixo moitos palabrons mentres tentaba estacionar o coche na vila, chea de paisanos dispostos a venderen o melloriño da horta, da leira e do cortello. A Irene ameazouno con prendelo e metelo no cagarrón, por “avó palabroto”; e acabaron comprando o que encargara a avoa e algo máis: mel e queixo.

Cando volveron entrar no coche, e xa botaban a andar sorteando xentes con bolsas cheas de grelos e polos, a Irene fixo unha pregunta, case aseverativa, en



*Contos de Agardar*  
*Irene e a poli*

ton serio:

—Avó, ¿verdade que os pais tamén contan mentiras?

O avó, collido de sorpresa, procurou saída:

—Non, mulleriña, non. Os pais fanche interpretacións peculiares da realidade.

—Ah —exclamou con acento de comprensión a dos ollos vastos, e pediu—: Ponme a da vaca...

De novo coa vaca da Quebrada de Humahuaca (que era muy vieja, muy vieja, y estaba sorda de una oreja) e algo máis foron chegando á casa dos avós.

Irene portouse moi ben todo o resto do día. Só deixou a marca dunha man na parede da escaleira, pero foi sen querer porque a avoa marchara para o piso de arriba e deixáraa na cociña a preparar galletas de chocolate. Entón a Irene se achegou á escaleira a preguntarlle canto azucre botaba na masa e... Bo, nada. Houbo que lavar a parede.

Chegando á noite, a Irene axudou a avoa a preparar a cama do avó. Despois deitou nela, a carón da avoa, leron dous contos e durmiron moi compañeiras mentres o avó lía revistas raras e durmía no seu estudio, no piso de arriba.

*Contos de Agardar*  
*Irene e a poli*

Cando el baixou á mañá seguinte, a avoa aproveitou que a Irene vía os debuxos animados na tele para contar algo curioso:

—Mira ti o que me dixo cando xa se estaba quedando durmida. “Avoa, ¿verdade que papá non sabe quen é a Sandra, a poli?”

## DEREITOS LINGÜÍSTICOS

**Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.**

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.**

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.**

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

**No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.**

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

**No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.**

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

**Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”**

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

*Contos de agardar*  
é unha colección que pretende achegar ao lector  
unha escolma de autores de relato galego,  
dentro da campaña de normalización lingüística  
“En galego, con toda seguridade”.  
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego  
nas relacións dos  
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios  
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Consellería de Presidencia  
Policía Autónoma